

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 03/06/2024

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ
LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
SONIA OUTÓN CASAL
DIEGO GARCIA SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MANUEL FRANCO LEIS

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/1966

Dáse conta de escrito presentado pola Asociación de Veciños Agustín Romero, achegando unha serie de peticións e formulando queixas sobre obras pendentes e mal funcionamento de servizos na Parroquia de Cornazo, entre as que figura a queixa da velocidade dos vehículos na Rúa Souto, a pesar da instalación dos badéns.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlles que se realizarán controis de radar en dita rúa para controlar a velocidade dos vehículos.

PRP2024/1967

Dáse conta de queixas recibidas pola escasa visibilidade no cruce das Rúas Nogueirido e Casusa debido ao cambio de situación dos colectores de lixo na Rúa Nogueirido.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación dun espello panorámico-Nogueirido-Casusa.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

PRP2024/1968

Dáse conta do informe do Mestre Composteiro no que explica a necesidade de que o camión de recollida de lixo circule no tramo da Avda. da Mariña por diante da Praza da Peixería no sentido contrario ao establecido na actualidade para realizar o servizo adecuadamente debido ao tipo de recollida, en carga lateral, polo lado dereito do camión.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a circulación do citado vehículo no horario nocturno, debendo sinalizar/complementar cun panel adicional o sinal de prohibición de entrada agás (figurando ben o servizo ou a matrícula do vehículo) de ser sempre o mesmo.

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 03/06/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 27-may-2024, que se aprobou por unanimidade.

PRP2024/1729

Dáse conta de solicitude de D. Ricardo Santamaría Valle, en representación de MALPARIDOS SL, solicitando autorización para realizar un evento o día 16 de xuño na Avda. da Mariña, en colaboración coa Asociación Protectora de Animais, coa instalación de diversos postos para recadar fondos, con motivo do X Aniversario da Malquerida.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar o solicitado, por coincidir as datas coa celebración da Feira do Libro.

PRP2024/1976

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Veciños San Miguel - Trabanca Badiña e visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación dun espello na confluencia das Rúas Magnolio coa Rúa 1º de Maio/8 de Marzo, procedendo á súa ubicación na esquina da Pista Deportiva, posto que a visibilidade na saída do tramo esquerdo da citada Rúa Magnolio vese moi reducida, co correspondente incremento da perigosidade.

Así mesmo acórdase comunicar á Empresa Urbaser que deberá proceder á reubicación dos colectores de lixo que se atopan xusto nesa confluencia, reducindo a visibilidade no tramo esquerdo dos vehículos que pretenden acceder á vía principal.

Dar conta á Policía Local, Servizo Municipal de Obras -Sinalización (Alvaro Diz) e Empresa URBASER.

PRP2024/1971

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Goretti Fariña Caamaño, en representación do Colexio Sagrada Familia de Vilagarcía, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia os días 4 ao 8 de xuño, para a realización dun mercado solidario, en horario de 09:30 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/2009

Vista a proposta do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa PEYCAR PONTEVEDRA SL para o subministro de traxes de intemperie (traxes de auga) para o persoal do Servizo para a reposición do actual, debido ao deterioro do mesmo, por un importe total de 10.802,88 € (IVE incluído), con cargo á partida

135.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2025

Vista a proposta do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pr D. Manuel Alonso Payo - Talleres Alonso", para a realización do mantemento preventivo e correctivo do vehículo auto-escada matrícula 1960KMX, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 5.330,56 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2072

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Josefa Recuna Cuiña achegando convenio e contrato de arrendamento entre o Concello e a familia Recuna Cuiña e Recuna Carrasco, propietarios da finca denominada As Mulatas, que ven sendo utilizada polo Concello como aparcamento disuasorio dende o ano 2019, sen que se tivese formalizado ningún documento ata o día da data.

No contato propoñen un prazo de arrendamento de un ano, contado dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, entendendose prorrogado tacitamente ao rematar cada ano por outro período de un ano, salvo que calquera das partes avise fehacientemente cun mes de antelación á data de finalización, da denegación da prórroga, cuxo caso se extinguiña ó arrendamento o 31 de decembro do citado ano, sen dereito a ningún tipo de indemnización.

O prezo do arrendamento será a cantidade anual de IBI que o arrendador satisface ao Concello pola citada finca, incrementado co IVE correspondente (21%), mais os gastos de xestión, que no ano 2024 importan un total de 484,00€ (IVE incluído). O pago das rendas realizarase no mes de agosto de cada ano, se ben para evitar prexuízos aos arrendadores pagarase antes a renda que o pago do IBI co cal o arrendador terá liquidez para facer fronte ao pago do imposto.

Así mesmo dado que a finca se ven utilizando dende o ano 2019 pagaranse as rendas correspondentes ao IBI dos anos 2019,2020, 2021, 2022 e 2023, previa presentación das correspondentes facturas, e que importan unha suma total de 1.994,06 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado contrato, realizando o pago dos importes citados con cargo á partida 133.200.

PRP2024/2073

Dáse conta do escrito presentado por Dona Blanca Loizu Fernandez-Reinoso en relación á perigosidade que provoca a circulación de patinetes electricos que circulan polo Paseo Marítimo e solicita sinalización vial e vixilancia.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se vai a proceder á modificación da vixente ordenanza de circulación para regular a circulación dos patinetes eléctricos.

Así mesmo realizarase unha campaña de controis de circulación sobre este tipo de vehículos.

PRP2024/2074

Dáse conta de informe-proposta do Xestor do Arquivo Municipal en relación co fondo do Liceo-Casino, que conta con arredor de 2.500 fotografías e abarca unhas datas que van dende principios do século XX ata principios do XXI, indicando que a súa relevancia radica na importancia destas institucións na vida social, cultural e deportiva da Cidade.

O Arquivo da Deputación de Pontevedra ofrece a posibilidade de levar a cabo a dixitalización deste fondo a través dos seus medios.

Á Vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o traslado e dixitalización do Fondo Liceo-Casino nas dependencias do Arquivo da Deputación Provincial, durante o tempo que sexa preciso, e posteriormente volver a trasladar o mesmo ao arquivo municipal.

PRP2024/2075

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Ricardo Paz Fernandez (DESAR), para a reposición de dúas electrobombas para as fontes do Parque Miguel Hernández, por un importe total de 4.101,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.63900.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2112

Dáse conta do escrito presentado por D. Diego Doval Balsa, en representación da Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías solicitando, con motivo da celebración da clausura da Master Senior League 2024, o día 8 de xuño, de 9:00 a 14:00 horas, o seguinte:

- Autorización uso da Praza de Galicia.
- Autorización da pista do Pavillón Municipal Castelao-Helena Mariño, no caso de inclemencias metereolóxicas.
- Cesión dunha canastra regulamentaria de baloncesto, 200 cadeira, 3 carpas, 3 mesas, 1 marcador portatil, un equipo de son e un punto de corrente.

Dáse conta de resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

RECURSOS HUMANOS

PRP2024/2087

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias e do informe do Negociado de Recursos Humanos, no que se indica:

En anos anteriores a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade subvencionaba ás entidades locais para que contratasen persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social (procedemento TR351A) co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

No día da data aínda non se publicaron por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade as bases para a tramitación das axudas e subvencións, en concurrencia competitiva, para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas

entidades

locais.

Vista a demora de dita convocatoria e vista as datas en que nos encontramos, desde o Departamento de Emerxencias, propoñen que se inicie o proceso selectivo para a cobertura de 12 socorristas para as praias do Preguntoiro, Concha-Compostela e Campanario, tal e como se ven facendo en anos anteriores, a xornada completa durante 3 meses desde o 1 de xullo de 2024. A convocatoria para dito proceso se levará a cabo a través dunha oferta de emprego público ao Servizo Público de Emprego de Galicia e anuncio en prensa para maior publicidade.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a a citada convocatoria para a contratación de 12 socorristas para dar cobertura ó servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Preguntoiro, Concha-Compostela e Campanario, a través dunha oferta de em0prego público ao SEPE, estimandose o custo total da contratación en 73.099,08 €.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2024/2067

Visto o escrito presentado por Bonecos Vilagarcía,S.L, en data 13/05/2024 entidade prestadora de servizos da Escola Infantil Municipal de Vilagarcía de Arousa, en relación ás saídas educativas vinculadas aos proxectos educativos de educación infantil, a Xunta de Goberno Local acorda: aprobar o presuposto emitido pola Empresa Pereira S.L. (CIF: B-36030997): servizos de autobús para os días 16 e 17 de xuño de 2024 para o traslado dos/as nenos e nenas da Escola Infantil Municipal á Granxa Escola Serantellos de Cambados e regreso: 550,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 303-20699.

EMPREGO

PRP2024/2086

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto VILAGARCÍA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS, dentro da convocatoria de axudas para o apoio a Mercados, Zonas Urbanas Comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O proxecto “Vilagarcía Viva. Proxecto de mellora, revitalización e resiliencia de mercado tradicionais e zonas comerciais urbanas”, no que se enmarca a presente actuación, está cofinanciado polo Ministerio de Economía, Comercio e Empresa nun 80% con cargo ao PRTR e nun 20% polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

O obxecto do contrato é o deseño e impartición dun curso de inglés para titulares de establecementos comerciais de Vilagarcía de Arousa.

As accións formativas diríxense a titulares, responsables e persoal de establecementos de Vilagarcía interesados en adquirir os coñecementos e recursos necesarios para facilitarlles a comunicación cos seus clientes en idioma inglés.

A acción proposta terá carácter básico e un contido fundamentalmente práctico, adaptado ás necesidades dos participantes.

Os contidos estarán enfocados á atención ao cliente e a súa finalidade principal será adquirir vocabulario básico e as expresións máis comúns que permitan aos alumnos poder comprender e

facerse entender en inglés en situacións comúns e cotiás de atención ao público.

Para levar a cabo este servizo solicitáronse orzamentos ás empresas seguintes:

Razón social: MARÍA TERESA RODRÍGUEZ CUIÑA

C.I.F.: 35441551T

Mail: tetercui@gmail.com

A empresa presenta orzamento por importe de 5.850,00€.

Razón social: BARRY LYNCH

C.I.F.: X9219582D

Mail: barrylynch-english@hotmail.com

A empresa acusa recibo da comunicación telemática de solicitude de oferta do 20 de maio de 2024 pero non presenta oferta dentro do prazo establecido para elo.

Razón social: MANUEL FERNANDO ABALO DE MARÍA

C.I.F.: 35437278M

Mail: mbelrietz@hotmail.com

A empresa acusa recibo da comunicación telemática de solicitude de oferta do 20 de maio de 2024 pero non presenta oferta dentro do prazo establecido para elo.

Razón social: JUAN VILLAMARÍN RECAREY

C.I.F.: 35475964M

Mail: jvflooring00@gmail.com

A empresa acusa recibo da comunicación telemática de solicitude de oferta do 28 de maio de 2024 pero non presenta oferta dentro do prazo establecido para elo.

Unha vez revisada a documentación aportada por Dona Maria Teresa Rodríguez Cuiña, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á mesma o contrato menor de Servizos denominado "Formación en idiomas (Inglés Básico) para titulares de negocios en zonas Comerciais), polo importe ofertado de 5.850,00 €, con cargo á partida 4311.2261018.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/2037

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CLECE SA para o servizo de limpeza extraordinaria co obxectivo de proceder á limpeza das instalacións do Pazo da Golpelleira para o desenvolvemento do concerto do martes 25 de xuño dentro da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 e con cargo á partida 3261.22700 do proxecto con código 2024-3-CRRTE-5-1 do orzamento do festival para o ano 2024.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2058

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto de aloxamento de musicos con motivo da celebración da VII edición do Festival Internacional de Música Clasclás, do 23 ao 30 de xuño de 2024, a realizar nos seguintes establecementos hoteleiros da cidade por un importe total de 4.849,01 € con cargo a partida 3261.22699 do Proxecto con código 2024-3-CRRTE-5-1 do orzamento do festival financiado con

RRPP para o ano 2024 e desagregado tal e como segue:

- Alda Rías Baixas S.L.U (Hotel Alda Castela) con CIF B70476494, aloxamento de 15 músicos do Programa Artístico, por un importe total de 1.953,00€ (IVE xa engadido)
- TURISMO NA VILA S.L. (Hotel Vilagarcía), con CIF B94162203, aloxamento de 24 compoñentes de Vocalía Taldea, por un importe de 1.634,00 € (IVE xa engadido)
- HOTEL PLAYA COMPOSTELA S.L., con CIF B36399632, aloxamento de 17 dompoñentes de Vocalía Taldea, por un importe total de 1.262,01 € (IVE xa engadido)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2065

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música no que indica a necesidade de proceder á adquisición de camisetas de merchandising que conteñen o logo do Festival para a súa utilización polo alumnado do Conservatorio Profesional e Escola Municipal de Música no Programa clasclás a pé de rúa, así como polos participantes no Programa de Masterclasses e no Programa Artístico.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a adquisición de 270 camisetas co logo do festival clasclás presentado por Dona Debora Fontenla Oliveira, de Lamarka Publicidad, polo importe total de 1.780,51 € (270 camisetas x 5,45 € = 1.471,50 + 309,01€ IVE) con cargo á partida 3261.22602 do Proxecto do orzamento de RRPP con código 2024-3-CRRTE-5-1 do Festival clasclás para o ano 2024.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2066

Dáse conta de Proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, no que indica que durante o desenvolvemento do proxecto da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás, compre proceder ao abono de determinados gastos de inmediato que non é posible realizar doutro xeito, xa que os servizos que se enumeran a continuación precisan do abono urxente dos mesmos coma condición para a súa prestación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a provisión de fondos por un importe de 6.200,00 € a favor da Sra. Concelleira de Facenda, Luz María Abalo Pérez para proceder ao aboamento de diversos gastos do festival coa seguinte desagregación:

Partida	Proxecto	Concepto	Importe
3261 223		Gastos de transporte do festival	1.200,00 €
3261 22699	2024-3-CRRTE - 5-1	Gastos de restauración do festival	5.000,00 €
TOTAL			6.200,00 €

PRP2024/2080

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acora aprobar a subscripción dos seguintes xornais para as axencias de lectura de Bamio e Vilaxoán, dependentes da Biblioteca Municipal, do 1 de xuño de 2024 ao 31 de maio de 2025, con cargo á partida orzamentaria 3321.22001:

- Faro de Vigo SAU, por importe de 419,95 € (IVE incluído), destinado á Axencia de Bamio.

- La Voz de Galicia SA, por importe de 461,00 € (IVE incluído), destinado á Axencia de Vilaxoán. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2081

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, e tendo en conta a subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, par a adquisición de novidades editoriais en galego en formato físico, por un importe de 2.479,33 €, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos para o subministro de material bibliográfico para a rede municipal de bibliotecas, con cargo á partiada 3321.22001:

- Edicións Xerais de Galicia SA, 43 títulos, por importe de 710,25 € € (IVE incluído).
- Editorial Galaxia SA, 47 títulos, por importe de 742,50 € (IVE incluído).
- Kalandraka Editora SL, 18 títulos, por importe de 290,00 € (IVE incluído)
- Editorial Picarona, 6 títulos, por importe de 76,00 € (IVE incluído)
- Nubeocho, 15 títulos, por importe de 222,50 € (IVE incluído)
- Hércules de Ediciones, 9 títulos, por importe de 156,40 € (IVE incluído)
- Triqueta Verde, 17 títulos, por importe de 278,46 € (IVE incluído)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2024/2071

A Concellería de Xuventude, en colaboración coa Concellería de Cultura e de Turismo, solicita á Xunta de Goberno Local, a aprobación do orzamento e adxudicación dos contratos para a realización da seguinte acción cultural: VILAGARCÍA DE AROUSA, CIDADE DO LIBRO 2024. (Actividade financiada parcialmente polo programa Cultura no Camiño e polo Ministerio de Cultura).

Trátase dun programa multidisciplinar e de dinamización lectora centrado nunha serie de actividades de animación á lectura destinadas a todas as idades con vocación de converter ao noso municipio nun centro cultural especializado na temática da literatura. O principio de partida é o dereito das persoas ao acceso universal á cultura a través do libro.

A actividade, detallada no programa da memoria xustificativa adxunta, supón un orzamento total de 74.519,81 € € (ive engadido), gasto que se desagrega do seguinte xeito:

Entidade	Cif	endereço	concepto	día	importe	PARTIDA
Artefeito, S. Cooperativa Galega	F70586763	Rúa Tomiño, 18, planta 3, dt. 15703 Santiago de Compostela	Servizos de coordinación, produción e loxística Cidade de Libro 2024	Do 11 ao 16 de xuño	16.601,20 (ive engadido) 21%	XUVENTUDE
CULTURACTIVA, Sociedade Cooperativa Galega	F15983067	Rúa Triacastela 3, baixo, 15703 Santiago de Compostela	Xestión e honorarios de programación de autores/as	Do 11 ao 16 de xuño	17.242,50 (ive engadido) 21%	CULTURA
Carlos Galban Zaragoza	354497299J	Avda. Juan Carlos I, nº 42	Instalación de equipos de son, asistencia técnica	Do 11 ao 16	4.936,80 € (ive engadido) 21%	CULTURA

				de xuño	engadido)	
Oficina Galega S.Coop. 360.	F10906048	Rúa Xulio Sesto Nº1, 1ºC	Xestión e honorarios de programación de autores/as galegos/as	Do 11 ao 16 de xuño	6.534 (ive do 21% engadido)	CULTURA
Manuel Pena Villar	32823150B	Rúa Eladio Rodríguez González, 13, 4º 15005. A Coruña	Presentación da novela gráfica Cinza	15 de xuño	360 (ive do 21% engadido)	XUVENTUDE
SUSANA PEDREIRA BUJÁN	79331367C	c)Lepanto nº 1, 3º c. 36001 Pontevedra	Guión e condución de "Conversas ao solpor"	Do 11 ao 16 de xuño	1500 € (exenta de iver)	CULTURA
CARLOS CRESPO	15373039T	carloscrespo@ditoefeito.es	Presentación de conversas ao solpor	Do 11 ao 16 de xuño	726 (ive do 21% engadido)	XUVENTUDE
Luis Ángel Gómez Suárez (Corticata turismo medioambiental)	35464020K	Rúa San Roque nº 15, entreplanta. 36600 Vilagarcía de Arousa	Literatour	Do 10 ao 14 de xuño	6.050 € (ive do 21% engadido)	XUVENTUDE
Eduard del Castillo Velasco	47612609X	Travesía DOS Baquiños, 3, 3ªA, 15704 Santiago De Compostela	Experiencia Poética público infantil	11 de xuño	250 € (exento iver)	XUVENTUDE
Asociación Cultural Mesa das Verbas	G94202322	Rúa Marxión, 24. Vilagarcía de Arousa	Organización produción e coordinación do recital poético: Neruda, namorado e desesperado	11 de xuño	500 € (exento iver)	XUVENTUDE
Xosé Duarte Raño Bueno	35432994E	Rúa Preguntoiro 2, porta B. 36611 Vilagarcía de Arousa	Actuación no recital "Neruda, namorado e desesperado"	11 de xuño	484 € (ive do 21% engadido)	XUVENTUDE
Lua Mosquera Tenreiro	53307552S	Loios 1 baixo. 15630 Miño. A Coruña	Recital	11 de xuño	1.452 € (ive do 21% engadido)	XUVENTUDE
Baia Fernández de la Torre	35475968D	Xohán Xesús González 4, 2º c, 36670 Cuntis	Obradoiro emocional máis presentación do conto Caracol, Cara de Col	13 de xuño	266,20 € (ive do 21% engadido)	XUVENTUDE
Charlatana Galega S.Coop.	F70514179	Rúa Perguiza 218, Cabo da Cruz, 15939 Boiro. A Coruña	Contos para caghar patatiñas	12 de xuño	459,80 € (ive do 21% engadido)	XUVENTUDE
Luis Ángel Gómez Suárez (Corticata turismo medioambiental)	35464020K	Rúa San Roque nº 15, entreplanta. 36600 Vilagarcía de Arousa	Obradoiro O clube dos cazadores de misterios	12 de xuño	495 (ive do 10% engadido)	XUVENTUDE
Luis Ángel Gómez Suárez (Corticata turismo medioambiental)	35464020K	Rúa San Roque nº 15, entreplanta. 36600 Vilagarcía de Arousa	Superheroínas: manual de instrucións	16 de xuño	660 € (ive do 10% engadido)	XUVENTUDE
Oftefor C.B-corticata Turismo Medioambiental	E36418283	Rúa San Roque nº 15, entreplanta. 36600 Vilagarcía de Arousa	Traslados a Cortegada	16 de xuño	484 € (ive do 10% engadido)	XUVENTUDE
Berrobamban S.L	B70096433	Vilanova de Oza, 28, Teo. CP15886 A Coruña	Contacontos Elas Tres	16 de xuño	605 € (ive do 21% engadido)	XUVENTUDE
Carmen Domech Martínez	00815201N	Loureiro, 5, Baixo D. Os Tilos.15894 Teo (A Coruña)	Contacontos As viaxes das palabras	15 de xuño	330 € (Iva do 10% engadido)	XUVENTUDE
Títeres Cachirulo	B15510084	Rúa Castiñeiro, 14. Baixo. Os Tilos. 15894 Teo (A Coruña)	Camiño de aventuras	15 de xuño	900 € (ive do 21% engadido)	TURISMO
Trisquel Protección y vigilancia S.A	A70251392	Calle Bolivia nº2, 1º izqda.. 15004 A Coruña	Servizo control acceso e vixianza de seguridade	Do 10 ao 16 de xuño	2.007,81 € (ive do 21% engadido)	CULTURA
Raquel García Rodríguez	44463265X	Avda. de Vigo, 46, 4ªA 36003 Pontevedra	Espectáculo Na túa Man	14 de xuño	550 (ive do 21% engadido)	XUVENTUDE
Felipe Díaz Valle	33998156Q	Avda. Ferrocarril nº 21. 1ºd. 15007 A Coruña	Planeta LGTBI	14 de xuño	330 (ive do 10% engadido)	XUVENTUDE
Mundo detrás del marco, S.L	B27773266	Rúa de Santiago, 11. Baixo 36202 Vigo	Actuación do grupo Rompente	14 de xuño	1.149,50 (ive do 4% engadido)	CULTURA
Culturactiva Galega S.Coop.	F15983067	Rúa Triacastela, 3 baixo. 15703 Santiago de Compostela	Obras "Vicki e a felicidade" e "Indóviles"	15 e 16 de xuño	3.146 (ive do 21% engadido)	CULTURA
ESTIMATIVO DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE					3.500	COMUNICACIÓN
ESTIMATIVO PARA DECORACIÓN, REFORZO PROGRAMÁTICO IMPREVISTOS					3.000	XUVENTUDE

As actividades Vicki e a Felicidade e Indóciles, están financiadas polo programa CULTURA NO CAMIÑO, proposta por parte da Concellería de Cultura (subvención solicitada polo departamento de Cultura (XGL do 18 de marzo de 2024 e expediente CULT/2024/000033) (resolución do 2 de febreiro de 2024 publicada no dog do 19 de febreiro de 2024/programa Cultura no Camiño, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2024 (CT 302B)).

Por outra banda, para o resto do programa, foi solicitada unha subvención por importe de 59.000 euros, a través do programa de Fomento de la Lectura y las Letras Españolas, ao Ministerio de Cultura e Deporte (solicitud aprobada pola XGL do 13 de maio de 2024). Exp. XUVENTUDE/2024/000008.

Reparto do orzamento total por partidas:

Concellería de Xuventude (ive engadido): 33.603,20 €, con cargo á partida 2314.22610.

Concellería de Cultura (ive engadido): 36.516,61€, con cargo á partida 334.22609.

Turismo (ive engadido): 900 €, con cargo á partida 432.22610.

Comunicación: 3.500 €, con cargo á partida 926.22602.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobación do orzamento total a cargo das partidas orzamentarias das Concellerías de Xuventude, Turismo, Comunicación e de Cultura de 2024.
- 2.-Adxudicacións dos contratos ás empresas relacionadas, polos conceptos e importes recollidos.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/2063

Dáse conta da presentación, o día 7 de maio de 2024, das modificacións do Plan de Emerxencia da Seca, dando así cumprimento ás indicacións ou recomendacións de Augas de Galicia para completar o Plan presentado en outubro de 2022, cumprindo a Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/2113

Dáse conta de que, debido ao recente cambio no sistema de contenerización e recollida dos residuos municipais, a partir do próximo 15 de xuño de 2024 únicamente se recollerán os residuos que sexan depositados nas novas illas de colectores de carga lateral instaladas na vía pública.

No caso da Residencia Divina Pastora, a illa de contedores máis próxima está situada á altura do nº3 da Rúa Ramón Piñeiro López (a 30 metros). Se o precisan, poden solicitar a recollida porta a porta do papel e cartón, para o cal deberán contactar previamente no 986501617 e inscribirse en dito servizo.

